

## ADDENDA 2020-21



### EQUIPO DE DINAMIZACIÓN


Mantense o profesorado e parte do alumnado do ano anterior:

- Elia Durán (2º Bach)
- Lucía Mei Gallego (2º Bach)
- Helen Núñez (2º Bach)

### ACTIVIDADES: CONSIDERACIÓNS PREVIAS

O equipo de Dinamización Lingüística desenvolverá o seu traballo no marco do tema proposto polo centro, e que vira este ano ao redor do **CINEMA**. Ademais, en todas as propostas, teranse en conta as restricións impostas pola situación sanitaria actual.

Con respecto ao curso anterior, as actividades propostas en días tan sinalados como o Día do Libro ou o Día das Letras Galegas sufriron as modificacións derivadas do confinamento imposto pola situación sanitaria derivada da pandemia. Aínda así se desenvolveron outras actividades grazas á colaboración e implicación de toda a comunidade educativa.

<p><b>Abril</b></p>  <p>Coa idea de celebrar o <b>DÍA DO LIBRO</b> e dado que o confinamento nos obriga a modificar as actividades previstas na <b>BIBLIOTECA</b> e <b>EDL</b>, propoñen, tanto a alumnado como a profesorado, a seguinte actividade</p> <p><b>023 EU LIBRO</b></p> <p>ENVIAR UNHA FOTO LENDO (só, en familia, con mascotas...), XUNTO CUN PEQUENO COMENTARIO EN GALEGO. TIPO #ResistiremosOQ #EuLibro</p> <p>ENVIAR UNHA FOTO EMPREGANDO O LIBRO COMO UN OXECTO TOTALMENTE DISTINTO DO USO PARA O QUE FOI CONCIBIDO (p. ex. como maralo para cravar algo, como soporte de algo, como cadeira... como se nos ocorra)</p> <p>OU AS DÚAS OPÇÕES (envío, ata o 17 de abril, ao correo dalgun profesora da Biblioteca: Begonia Alagón, Olga Cabalán, Olga Nieto, Lolli García, Ofelia Lubián, Covadonga Rodríguez-Molinos, Rafael Lago)</p> <p>DESEXANDO QUE ESTA PROPOSTA POIDA ENCHER UN PEQUENO OCO DO NOVO CONFINAMENTO E MITIGUE TAMÉN O NOSO ILLAMENTO ANIMÁMONOS A TODOS A PARTICIPAR</p>	<p><b>Día do Libro</b></p> <p>Celebración do Día do Libro cun vídeo feito a partir da colaboración de distintos membros da comunidade educativa que achegaron fotografías dándolle diferentes usos aos libros. Ademais fixemos unha versión propia da canción do momento "Resistiré" na que participaron alumnos, ex-alumnos e profesoras.</p> <p><a href="https://lecturamos.blogspot.com/2020/04/dia-do-libro_22.html">https://lecturamos.blogspot.com/2020/04/dia-do-libro_22.html</a></p>
---	---

## Maio



## Día de Europa

No día de Europa do 2020, ano adicado a Beethoven, recordamos o himno da unión a partir dos traballos dalgunhas alumnas de 1º Bacharelato

<https://lecturamos.blogspot.com/2020/05/blog-post.html>

## Festa dos Maios

Este ano non baixamos ao cantón de Cora cos nosos maios e coplas. Mais iso non foi motivo para que celebrásemos a chegada da primavera con esta celebración que en Mugardos se intenta revitalizar desde hai tres anos. Estes son os maios confinados do alumnado de 1.º ESO.

# 2020 MAIOS

*Déano-lo maio, señores cabaleiros se non teñen maio, déannos diñeiro.*

Este ano vén o maio cun acompañante, tesn moito coidado non vaia contaxiarte

Na casaña quedamos pra estarmos a salvo, na casa estudamos desde a casa cantamos

Chega a primavera e con ella os maios. Saímos polas flores multa que levamos.

No tempo dos maios estamos confinados, a falta de flores a lapis plasmamos.

Debuxamos flores sen nos arriscar, este ano a alerxia non nos vai pillar.

Non vos esquezades: lavade ben as mans, fregade con forza sen vos esfolar.

Lava que te lava unha e outra ves, aplaude na xanela non pares ata as des.

Ás oito saímos aplaudir ás ventás, cantamos e rimos hai xente a bailar.

Persoas que traballan sonvos moi valentes, vivan os sanitarios que coidan da xente.

Facemos copliñas e moitos deberes, se estás aburrida pide máis ao mestre.

A tele e o móbil un día van estoupar, tamén collemos o boli para telestudar.

Por videoconferencia non molan as clases, ou silencian os micros ou é todo un desfase.

Todo che é dixital e moi pouco en papel pero do do cú non falta a ninguén.

Sen rúa nin aulas pasamos o curso, de quen é a culpa do virus rabudo.

Covid dezanove ten nome moi longo seica dos morcegos xurdiu o microbio.

Atacou a Jhonson, o Trump está a safar, curar a cabeceña non lle viña mal.

Queda pouco tempo pra sairmos fóra, aínda nos deixan tan só unha hora.

Estamos na casaña os días pasan lentos, só voan os paxaros *non chega o momento*

Axiña apañaremos as flores dos camiños a dous metros veremos *aos nosos amigos*

Voltarán os amigos volvemos pasar se temos sentidiño *imolo lograr.*

Os do instituto temos bo humor así nos despedimos *xa vén o solpor.*

Isto non é festa hai xente a morrer lembra os finados por eles a vencer.

*E viche-lo maio, e vichelo ben, agora xa se foi ato o ano que vén.*

Alumnado de 1.º ESO  
Curso 2019-2020

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/?q=node/1973>



## Día das Letras Galegas

Para unirnos a esta celebración o equipo de Dinamización Lingüística e o equipo da Biblioteca do centro, contando coa colaboración dalgúns alumnos de 4º ESO e 1º de Bacharelato, tentamos dar vida a un dos poemas de Carballo Calero ("Ferrol, 1916") nun vídeo.

Este ano tiñamos en proxecto representar dúas pequenas obras de Carvallo Calero: o grupo de Artes Escénicas de 4º ESO estaba a ensaiar "Ou auto do prisioneiro" e unha parte do grupo de Obradoiro de Teatro estaba a ensaiar "A arbre". Como non foron posibles estas representacións lembramos "A farsa das zocas" posta en escena hai 3 anos polo grupo de Obradoiro de Teatro de 1º de Bacharelato

<https://lecturamos.blogspot.com/2020/05/dia-das-letras-galegas.html>

Xuño

### Recital de Rosalía

Lectura de distintos poemas de Rosalía por alumnos de 3º ESO baixo a dirección da profesora Loli G. Parada

<https://youtu.be/1uHTUvceXgg>

### Despedida dUN CURSO diferente

#### XOGANDO CON ARTE



<https://lecturamos.blogspot.com/2020/06/fin-de-curso.html>

Nas actividades propostas para este ano o cinema e o COVID-19 son os protagonistas principais como queda reflectido nas actividades xa realizadas e nas previstas

### Novembro



### SAMAÍN

- Convocatoria dun **Concurso de Máscaras**
- Exposición e vídeo: **Cinema de Terror** (traballo de Investigación, 2º ESO)
- Exposición: o **Expresionismo** (traballo de AAEE, 4º ESO)  
..Vídeo: **o Dies Irae, a melodía dos mortos** (traballo de LPM, 1º Bach)

<https://lecturamos.blogspot.com/2020/11/samain-2020-comenzamos-este-samain.html>


Agasallos e diplomas dos premiados: 60€

## DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA CONTRA A MULLER



- Convocatoria dun concurso de audiovisuais

- Exposición: “Malamente: A violencia nas letras das cancións” (traballo de Valores Éticos, 1º e 3º ESO)



<https://lecturamos.blogspot.com/2020/11/25-de-novembro-dia-internacional-contr.html>

Material de papelería e copistería: 20€

## DECEMBRO

- Gañadores do Concurso contra a violencia de xénero  
<https://lecturamos.blogspot.com/2020/12/concurso-violencia-de-xenero-ainda-que.html>

Agasallos e diplomas dos premiados: 150 €

- Contando historias: traballos de 2º e 4º da ESO\_  
<https://lecturamos.blogspot.com/2020/12/blog-post.html>

- Calendario 2021: Un ano “de cine”: traballo do Obradoiro de Teatro (2º Bach)  
<https://lecturamos.blogspot.com/2020/12/calendario-2021-piques-de-rematar-un.html>



Material de papelería e copistería: 60

### **DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ** (30 de xaneiro)

- Exposición: **Flores para a paz**. Revisión das revolucións pacíficas identificadas con algunha flor e dos símbolos da paz, ademais dalgunhas frases relacionadas coa paz

#### **XANEIRO**



<https://lecturamos.blogspot.com/2021/02/da-paz-este-curso-o-motivo-central.html>

1º e 3º DA ESO

Material de papelería e copistería: 20€

#### **FEBREIRO**

### **ENTROIDO**

- Exposición: **Máscaras** (teatrais, rituais, da peste negra, venecianas, no cinema, mortuorias, de entroido ..)
- Vídeo: **"Poñemos máscara"**
- **Concurso de máscaras**



PARA TODO O CENTRO  
 Material de papelería e copistería: 20 €  
 Agasallos e diplomas dos premiados: 120€

**DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO** (24 de febreiro)  
 - **Concurso de Poemas musicados**

PARA TODO O CENTRO  
 Agasallos e diplomas dos premiados: 60€

**MARZO**

**DÍA INTERNACIONAL DA MULLER** (8 de marzo)  
 - **As visións da muller no cinema** (revisións de estereotipos, o traballo da muller no cinema)

Material de papelería e copistería: 20 €  
 PARA TODO O CENTRO

**DÍA MUNDIAL DA POESÍA** (21 de marzo)  
 Adiantándonos á celebración do Día das Letras Galegas aproveitaremos o día mundial da poesía para achegarnos á obra de **Xela Arias**

PARA TODO O CENTRO

**ABRIL**

**DÍA DO LIBRO** (23 de abril)  
 - Exposición: **Libros de película**

PARA TODO O CENTRO

**MAIO**

**SEMANA DAS LETRAS GALEGAS**  
 - **Exposición sobre Xela Arias**  
 - **O cinema galego:** inicios, certames, películas, actores, actrices e directores


Material de papelería e copistería: 20 €

	<p><b>REVISTA</b> Escolma de traballos da comunidade educativa realizados ó longo do ano</p> <p>PARA TODO O CENTRO 600€</p>
3º trimestre (data sen especificar)	<p><b>CONCURSO DE VIÑETAS PARA PROMOCIONAR O IDIOMA</b> En colaboración co departamento de EPVA</p> <p>PARA TODO O CENTRO Agasallos e diplomas dos premiados: 60€</p>
<b>XUÑO</b>	<p><b>DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE</b> (5 de xuño) - Convocatoria dun <b>concurso de fotografía</b></p> <p>PARA TODO O CENTRO Agasallos e diplomas dos premiados: 60€</p>
<b>TOTAL</b>	<b>1270 €</b>



A coordinadora  
Olga Cabalar Fernandez.



Visto e prace  


O director  
Serafín Álvarez Rodríguez



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega